



AXUDAS PARA MASCARILLAS PARA O CURSO 2021/2022

ORDE do 28 de outubro de 2021 publicado no DOG N° 218, do venres 12 de novembro de 2021 (pax. 55.791 ata 55.803).

DESTINATARIOS:

- Alumnado que no curso 2021/2022 este matriculado en Educación Primaria.

SOLICITUDES:

- **Non ten que presentar solicitude** o alumnado beneficiario da axuda de material escolar no curso 2021-2022
- **Ten que presentar solicitude** o alumnado que non foi beneficiario da axuda de material escolar no curso 2021-2022 que cumpra algunha das seguintes condicións:
 - Que pertenza a unha familia cunha renda per cápita igual ou inferior a 6.000€ (para este cálculo sumaranse os recadros 435 e 460 da declaración fiscal do ano 2019 e dividirse o resultado entre os membros da unidade familiar a 31/12/2019).
 - Alumnado matriculado en educación especial
 - Alumnado suxeito a tutela ou garda da Xunta de Galicia
 - Alumnado cun grado de discapacidade igual ou superior ao 65%.
- A solicitude entregárase de forma presencial no centro educativo (horario de 9:30 a 10:30 ou de 12:30 a 13:30)
- O prazo de presentación é do 15 de novembro ata o 26 de novembro de 2021

DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR

- Fotocopia do libro de familia onde figuren todos os membros da unidade familiar.
- En caso de separación ou divorcio, ademais deberán achegar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor.
- Excepcionalmente, poderase acreditar o número de membros da unidade familiar utilizando algún dos seguintes medios:
 - Certificado ou volante de convivencia
 - Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia
- No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude, deberán achegar o certificado acreditativo do grao da discapacidade, agás que fose emitido pola Xunta de Galicia, que só se presentará se non autoriza expresamente a súa verificación
- No caso de situación de violencia de xénero documentación acreditativa.

RECOLLIDA DAS MASCARILLAS

- Publicarase a lista provisional de axudas concedidas o día 30 de novembro de 2021 e a lista definitiva de axudas concedidas o día 2 de decembro de 2021 no taboleiro de anuncios situado no interior do recinto escolar.
- Virán a recoller as mascarillas un adulto os días **3, 9, 10 de decembro** de 2021 en horario de 9:30 a 10:30 ou de 12:30 a 13:30. Terán que asignar un recibo de recollida como se fai cos vales de material.

Noia, a 15 de Novembro de 2021

O Director



Asdo: Francisco José Lires Fernández